



MEMORIA

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL 2.11 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

A estrutura da ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servico de recollida de residuos foi aprobada no Pleno do 7 de novembro de 2011 para ter efectos no exercicio 2012.

Posteriormente no Pleno do 30 de setembro de 2015 aprobáronse diversas modificacións na estrutura das tarifas para recoller a casuística de pequenos comercios e establecer un importe máximo para restaurantes e cafeterías, evitando a sobretributación inxustificada.

Durante o 2016 detectáronse diversos casos que poden producir inxustizas na carga tributaria de determinados locais, especialmente na zona urbana e para tendas con gran zona de exposición como as moblerías, pero que xeneran pouco residuo sólido urbano.

Para dar cobertura a estas situacións, propónse a modificación dos artigos 4 e 5 da presente ordenanza reguladora da taxa pola prestación do servico de recollida de residuos, para axustar á realidade a carga tributaria dos locais e favorecer o establecemento de comercios e industrias fóra da zona propiamente urbana.

Na ordenanza contéplase un lixeira suba para a taxa das vivendas urbanas, pero pola contra se recollen dous novas bonificacións, unha segundo a capacidade económica e outra para que se poidan beneficiar as familias numerosas.

A pesar que a tramitación completa se retrase con posterioridade ata ao 1 de xaneiro de 2017, propónse que se poida aplicar con efectos desa data por ser máis beneficioso en xeral para os contribuíntes.

Contéplase unha lixeira suba no padrón anual, compatible co Plan Económico-Financeiro vixente, tendo en conta as variacións sinaladas, e que os maiores incrementos repercúntense nas grandes cadenas de alimentación.

Por todo iso, se propón a aprobación do adxunto texto da modificación da Ordenanza Fiscal Nº 2.11, reguladora da Taxa pola prestación do servico de recollida de residuos, para a súa aplicación a partir do próximo exercicio 2017.

O que se eleva para a súa aprobación, se procede polo Pleno do Concello.

Cedeira, 22 de novembro de 2016

O ALCALDE,

Pablo Diego Moreda Gil